



A Xunta de Persoal na súa reunión do 06/06/2017 coa Xerencia acordou as seguintes posicións:

1. Proposta de OEP para o PAS da UDC para o ano 2017

Da proposta enviada o 30/05/2017 a Xerencia elimina a praza da escala de especialistas de informática e a substitúe por unha praza máis na escala administrativa posto base C1.

A Xunta de Persoal rexeita a proposta indicando que:

Na OEP todas as prazas que teñen que saír o deben ser a postos bases e que as de grupos altos deben saír a concurso.

No custo da OEP debe desaparecer o custo da promoción interna

No momento que isto se reflicta na OEP poderase negociar o número de prazas que sairán en postos base da escala administrativa e na escala técnica de servizos.

Pregúntaselle ao xerente por que nesta proposta aparecen 5 prazas na escala administrativa e 14 na escala técnica que é o cambio máis importante.

A Xerencia indica que a modificación provén de combinar o número de prazas da taxa de reposición do 2016 (21 prazas) coas que se ofertan na OEP (21), co custo das prazas e con que saian na OEP prazas de postos altos (A1 e A2).

2. Revisión da Resolución de Xerencia 1/2014, do 9 de xullo de 2014, pola que se ditan instrucións para a cobertura temporal de postos de traballo de PAS funcionario en comisión de servizos

A Xunta de Persoal acordou non negociar cambio algún nesta normativa ata que non se cumpra pola UDC a normativa vixente, é dicir ata que todas as comisións de servizo que superan os dous anos sexan anuladas.

A Xerencia indica que as comisións do Servizo de Investigación van ser anuladas co que a UDC cumpre a normativa.

Indícaselle por parte da Xunta de Persoal que iso e falso xa que hai máis comisións de servizo en vigor que superan os dous anos.

A Xunta de Persoal pediu de novo á Xerencia que conteste ao escrito enviado en maio no que se pedía que se informase das comisións de servizo que pasan de dous anos.

Indícaselle tamén que hai comisións de servizo que non cumpren o tema de Centro / Servizo / Unidade, polo que a Xerencia ten que definir o que é un Centro / Servizo / Unidade co fin de que as comisións de servizo non se dean de forma aleatoria nalgún caso.

Por outra banda adiántaselle que na proposta remitida o tema da comisión de valoración non pode ser aleatoria y ten que ser para todas as prazas de xefatura de servizo de nivel 28 e que teñen que existir uns criterios de avaliación fixos previos para que todas as prazas se avalíen cos mesmos criterios.



3. Quenda aberta de intervencións.

A Xunta de Persoal reitera á súa solicitude de resposta ao escrito remitido á Xerencia solicitando o informe que a UDC enviou á Xunta de Galicia para a negociación.

A Xunta de Persoal comunica á Xerencia que no grupo de traballo para o tema da Acción Social participarán pola Xunta de Persoal un representante por sindicato / agrupación, agás a CIG, que é contraria a facer unha comisión para o tema de acción social polo que non participará nela, e 1 representante do Comité de Empresa. Indícaselle que estes representantes non serán sempre os mesmos e cambiarán en función dos temas de a tratar ou de outras circunstancias